

**Regala Galicia,
regala en galego.**



XUNTA DE GALICIA

Agasallar co noso

Un ano máis, os galegos e galegas celebraremos o Nadal. Serán unhas festas diferentes por mor da crise sanitaria que estamos vivindo, pero, aínda así, faremos un esforzo por mantermos o ambiente festivo e moitas das tradicións propias destas datas, como a de agasallar os nosos familiares e amigos para demostrarlles o noso afecto, aínda que desta volta teña que ser sen apertas e sen bicos, quizais desde a distancia.

Por este motivo, a Secretaría Xeral de Política Lingüística retomou a publicación da súa guía de agasallos en galego, coa que quere animar a toda a cidadanía a buscar o detalle perfecto para os seus e apoiar asemade os creadores, artesáns e empresas da nosa comunidade nun ano tan duro para a nosa economía coma o que está rematando, nomeadamente a aqueles que apostan pola lingua propia de Galicia tanto para crear os seus produtos (libros, discos, filmes...) como para difundilos e vendelos (etiquetaxe, publicidade, webs...). Nese empeño traballamos todo o ano no marco do noso Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico 2016-2020 e nese empeño quere-
mos continuar traballando este Nadal.

Cando, hai unha década, fixemos a nosa primeira guía de agasallos en galego era moito máis difícil que agora atopar produtos para ela, fóra dos libros e dos discos. Hoxe, en cambio, a cantidade e variedade de propostas obríganos a elixir e, polo tanto, a deixar fóra alternativas ben interesantes. É unha mágoa ter que facelo e, ao mesmo tempo, unha satisfacción comprobar como as empresas van percibindo que o galego non só non é un impedimento para chegar aos consumidores e consumidoras, senón que axuda a vender. Vallan estas páxinas como mostra das múltiples posibilidades que os cidadáns e cidadás temos estas festas de agasallar os nosos co noso.

Valentín García Gómez
Secretario Xeral de Política Lingüística

Índice de contidos



Libros para todos



Libros para lectores novos



Banda deseñada



Música e algo máis



Moda e complementos



Outros agasallos



Experiencias e benestar



Delicias para o padal



Xoguetes e xogos



Artesanía e decoración



Xacobeo 2021



Actividades




Libros para todos

Clave de bóveda (poesía)

Manuel Álvarez Torneiro

Kalandraka

Inédita e póstuma, esta obra do Premio Nacional de Poesía Manuel Álvarez Torneiro, falecido no ano 2019, é un bálsamo para a alma, un agasallo para os amantes da palabra cunha derradeira lección: ningún día sen versos.




E un voou sobre o niño do cuco (narrativa)

Ken Kesey

Kalandraka

Un clásico da literatura contemporánea, trasladado tamén con gran éxito á gran pantalla, que mantén toda a forza expresiva dun autor considerado un nexo fundamental entre o movemento *beat* dos anos 50 e o movemento contracultural dos anos 60.



Pangalaica. Recortes poderosos (xornalismo)

Xurxo Souto

Galaxia

Petiscos literarios que constrúen toda unha cosmovisión. Persoas e historias maravillosas que Souto foi coñecendo, desde que, hai trinta anos, comezou a percorrer o país co primeiro disco dos Diplomáticos de Monte-Alto.





Libros para todos




Un señor elegante (narrativa)

Suso de Toro

Xerais

Atraído polo insólito perfil dalgún dos seus membros, o escritor Suso de Toro realiza unha indagación para reconstruír a historia da familia Baltar, que en distintos momentos protexeu a Rosalía de Castro e Manuel Murguía e logo a familia de Castelao ou a Dieste. Tras un intensísimo traballo de documentación, o autor ofrécenos unha novela abraiante que aglutina unha síntese persoal de novela río, histórica, psicolóxica e novela de ideas.




Zona a defender (ensaio)

Manuel Rivas

Xerais

O planeta debería ser por enteiro unha *Zona a defender*. Expresada co activismo da escrita poética, o pensamento crítico e un humor desacougado, esa chamada de alerta percorre todo este libro. Manuel Rivas, despois da denuncia que foi o libro *Contra todo isto*, escribe ás ceibas, con coraxe, sobre o que denomina a era Mayday, de perigo grave e inminente, para ir explorando aquilo que defende.



Alba de gloria ilustrada (discurso)

Castelao

Galaxia

Alba de gloria foi o derradeiro discurso que pronunciou Castelao, exemplo da súa capacidade oratoria e política, e que agora se ve enriquecido coas ilustracións de Ana Santiso, quen soña en imaxes o universo histórico e galaico deseñado polo rianxeiro. Un diálogo feliz entre o pasado e o futuro. Unha *Alba de gloria* como non se vira nunca antes.



Libros para todos

Unha mente que voa (divulgación)

Xurxo Mariño

Xerais

A evolución da linguaxe é un dos problemas máis fascinantes da ciencia actual. Este atractivo libro do neurocientífico e divulgador Xurxo Mariño é unha aventura de misterio na que pouco a pouco van aparecendo pistas sobre o desenvolvemento da nosa capacidade lingüística, tanto a medida que remexemos na evolución biolóxica e cultural do xénero Homo, como tamén observando os cambios que se producen durante os primeiros anos de vida das nenas e nenos.



Gramo Stendhal (poesía)

María Lado

Apiario

Gramo Stendhal é un libro de furia, de autodestrución e de procura. É un mundo pequeno reflexado no fondo dunha culleriña de café. Todo invertido do fondo da culleriña, os pequenos piñeiros, o pequeno pico do tellado da casa, a diminuta cabeza da muller que a mira como querendo ler o futuro nos pousos. E tamén a furia do océano e a paciencia. O desgaste deste sobre os cantís de pedra.




O valo de Manselle (poesía)

Anxo Angueira

Apiario

É este un valo de palabras para un valo de pedras. Unha homenaxe ao traballo comunal, a un territorio simbólico e poético no que o autor amosa as distintas voces que o compoñen. Un libro de libros no que descubrir o poder da vontade. Estamos ante un poemario de calidade granítica e con esta edición celébranse os 25 anos da súa construción.





Contrahistorias de Galicia (relatos)

Antonio Reigosa

Edicións Embora

Contrahistorias de Galicia son as outras historias ou o lado escuro e encuberto do noso pasado. Este libro trae ao presente, mediante textos breves, apoiados «contra» profusas e fermosas ilustracións de Rita Gutiérrez, unha visión desde ángulos dispares, coas cores, figuras e memorias dunha presada de personaxes secundarios, esquecidos e ignorados pola historia oficial. Un libro para ler e ver, ou viceversa.

JUAN BELLO SÁNCHEZ
RELIQUIAS




Reliquias (poesía)

Juan Bello Sánchez

Tulipa

Reliquias é un conxunto de trinta poemas nos que se atopan desde cartas ata versos que falan do acto de escribir, desde lembranzas ata textos sobre obxectos cotiáns, co que se debuxa un retrato persoal do autor arredor da súa familia e da súa memoria.



Simbología máxica en Galicia (antropoloxía)

Bieito Romero

Baía Edicións

Esta recompilación é o resultado da inqueda, do interese, da observación e da curiosidade dun incansable buscador de tesouros simbólicos presentes entre nós desde tempo inmemorial. Unha longa andaina de centos de quilómetros e de achegamento aos máis insospeitados recunchos de Galicia convertida en libro para deixar constancia dunha pequena parte do inmenso patrimonio simbólico que posuímos.




*Federico García Lorca
en Santiago de Compostela* (historia)

Henrique Alvarellos

Alvarellos

Crónica detida e minuciosamente documentada da relación de Federico García Lorca con Santiago de Compostela, cidade que visitou catro veces e que o deixou fascinado. A obra camiña co poeta polas rúas de Compostela e relata polo miúdo estes días únicos (con quen está, que fala, que visita...). Tamén recolle as súas impresións cando regresa a Madrid ou na súa viaxe a Bos Aires e achega numerosos datos e máis de setenta ilustracións e documentos, algúns deles moi descoñecidos. Como colofón trázase a primeira Ruta lorquiana por Compostela, onde se identifican e documentan 14 lugares imprescindibles.





Luces sobre a ría (narrativa)

Roberto A. Rodrigues

Urco

Desde hai xa algún tempo estraños acontecementos veñen trastornando a tranquila vida da contorna viguesa. Misteriosas luces que alumean o ceo, animais que se tornan agrestes e violentos, xentes que tolean. Nada do que está a suceder ten unha explicación lóxica. Semella mesmo que o díaño está a mexer os fíos sobre as Rías Baixas.






Illa Decepción (Premio de Narrativa Breve Repsol)

Berta Dávila

Galaxia

Que queda de nós nas casas onde vivimos noutro tempo? Se algo permanece nelas, pódese acceder a aqueles momentos, ás sensacións idas? A protagonista desta novela expándese en dúas direccións aparentemente opostas: a do vencello cotián co seu fillo durante o confinamento e a do resto daquela nena que aínda perdura na súa imaxinación. Cunha voz inconfundible, penetrante, orixinal e ao tempo case delicada, Berta Dávila narra a historia dunha memoria que rescata o presente.



Feliz idade (Premio Nacional de Poesía)

Olga Novo

Kalandraka

Con *Feliz idade*, Olga Novo tende unha ponte desde a xeración que a precedeu á que a segue; entre o onte e o mañá da estirpe, alén do pasamento do pai e da nenez da filla. Nese punto, no territorio puro e esperanzado do presente, estes versos ofrécennos o avanzar dun lume libertario ao que os seus lectores asistimos enmeigados e pamos. É cando a palabra se vai recreando, co seu devir, no mundo rural, telúrico e bíblico da Terra á maneira de John Berger, nas lonxitudes dun discurso incesante, ao Walt Whitman, e nas múltiples luzadas que soamente poden aparecer desde o preliterario, ao xeito de Rosalía de Castro.



Atlas (Premio Nacional de Poesía Xove Miguel Hernández)

Alba Cid

Galaxia

Recoñecida desde moi nova en moitos certames poéticos, Alba Cid publica agora unha obra singular na que a palabra e a imaxe viaxan da man canda a ollada asombrada da poeta. Etimoloxías, historias naturais, prácticas culturais diversas... Os poemas e as fotografías fan calas nos cinco continentes e desprázanse adiante e atrás na historia á procura de encrucilladas luminosas. Unha nova cartografía. Un novo planeta.



Libros para lectores novos

Ola! Son un bicho bóla! (infantil)

**Elvira Ribeiro Tobío
e Noe González Caamaño**

Apiario

Libro para prelectores e primeiros lectores, para explorar a soas ou ler xuntos. Un libro para rir e descubrir as habilidades dos bichos bóla que viven ao redor do mundo. Unha obra na que Elvira Ribeiro e Noe Caamaño conseguen total complicidade entre texto e ilustración, na que a diversión vai da man da unión e do colectivo e na que a comunidade se constrúe desde a diversidade.



O nariz de Fiz (infantil)

Miro Villar

Galaxia

Fiz vive nunha aldea da montaña da Galicia rural. É unha criatura pequerrechiña e miudiña, pero posúe unha estraña habelencia que o vai converter en protagonista de emocionantes aventuras. Neste fermoso libro escrito por Miro Villar e ilustrado por Emanuel Lomeña poderedes acompañar o pequeno Fiz nas súas peripecias.



Isto e aquilo (infantil)

Tomí Ungerer

Kalandraka

Un xogo de sorprendentes contrastes que estimula a intelixencia e a creatividade desde o humor e o sentido lúdico das palabras. A obra definitiva dun autor que nunca perdeu o neno que foi. Máis dunha trintena de accións e de emocións represéntanse, por parellas e de xeito confrontado, neste libro visual de Tomí Ungerer. As únicas palabras que contén son as que identifican cada ilustración: rir - chorar, amar - compartir, ver - mirar, cantar - bailar... Trátase dunha obra pensada en especial para os máis cativos.

Tomí Ungerer

**ISTO
E
AQUILO**



Kalandraka



Libros para lectores novos



A señorita Bubble. Baixo cero. (máis de 10)

Leticia Costas e Andrés Meixide

Xerais

Lady Bubble comeza unha nova vida en Rovaniemi, unha preciosa vila de Laponia. Os problemas non tardan en petarlle na porta. Unha familia de pingüíns necesita da súa axuda con urxencia. Non son os únicos: os elfos da fábrica de xoguetes están vivindo unha situación desesperada. Abrígate ben e prepárate para vivir unha aventura baixo cero, onde Bubble vai ter que enfrontarse a un poderoso inimigo. Papá Noel cruzou ao lado escuro.




Bichería (infantil e xuvenil)

Carlos López e Xan López Domínguez

Xerais

Un libro cheo de paxaros, insectos, peixes, réptiles, felinos e demais bichería con máis de corenta contos pequenos, pero grandes en humor e tenrura, nos que descubrirás as cousas estafalarias que lles aconteceron a estes animais e mesmo a verdadeira orixe dalgúns deles. Unha aventura bestial!



Nube branca e o pingüín Valentín (infantil)

Pablo Nogueira

Baía Edicións

Conto deseñado para tecer actividades de estimulación da linguaxe oral en galego a través dunha historia apaixonante e entrañable, pensada fundamentalmente para divertir a esgalla as nenas e os nenos, ao que, sen dúbida, contribúen visualmente as ilustracións de Manuel Uña. Ao poboado de Nube Blanca chegou desde moi lonxe un pingüín de nome Valentín. Devecía por voar, pero por máis que axitaba as súas ás non era quen de facelo. Coa axuda das súas novas amigas... pensas que o conseguirá?




Libros para lectores novos

Anne, a de Tellas Verdes (xjuvenil)

Lucy Maud Montgomery

Sushi Books

Matthew e Marilla Cuthbert, irmáns de mediana idade, pretenden adoptar un neno que os axude coa granxa. Por equivocación reciben a Anne Shirley, unha orfa fraca e rubia de once anos, chea de enerxía e vitalidade, que deixará unha pegada imborrable ao seu redor, grazas á súa vívida imaxinación e constante charla. *Anne, a de Tellas Verdes* é un clásico literario do século XX para todas as idades, levado á pantalla en varias ocasións.




Cando Martiño tivo ganas de mexar na Noite de Reis (infantil)

Chema Heras e Kiko da Silva

Kalandraka

Os Reis Magos non entran na casa dos nenos que non están durmidos, avisouno o seu pai. Pero a medianoite Martiño soñaba, e entráronlle unhas enormes ganas de mexar... Como é tradición por estas datas, a editorial Kalandraka recupera un clásico do seu catálogo.



Seres fantásticos do Camiño (infantil)

Xan Eguía

Bululú

O protagonista deste libro pérdese no medio do bosque e na súa procura da saída atopará os máis variados personaxes da mitoloxía popular dos Camiños de Santiago, que son os verdadeiros protagonistas da obra. Son fantásticos porque moitos aseguran velos ao longo dos séculos narrándonos as súas fazañas increíbles. Son misteriosos e fuxidíos, por iso ninguén conseguiu entrevistalos nin fotografalos pero, sobre todo, son moi divertidos e moi diferentes; asustadizos, loitadores, enredadores... variados como a rica tradición popular que nolos legou.





Madialeva **Ana Moreiras**

Aira Editorial

Quen foron as mulleres galegas que cosían a roupa que conquistou o mundo? Que soños gardaron os emigrantes que deixaron a aldea na procura de prosperidade? Unha novela gráfica sobre as voces baixas da nosa historia recente. *Madialeva* é o primeiro título da colección 'Mulleres Ilustradoras', que propón banda deseñada con perspectiva de xénero.




O pacto do letargo **Miguelanxo Prado**

Retranca Editora

Os seres e os feitos maravillosos que escapan ás leis da natureza e a ciencia están presentes na maioría das crenzas e as relixións. E aparecen sempre agrupados en dúas castes antagónicas: bos e ruíns, anxos e demos, fadas e bruxas... E o ser humano queda aí, no medio, loitando coa súa propia natureza ambivalente. Cando menos, así o contamos nós mesmos, os humanos. Pero, no fondo, nunca escoitamos a versión das outras partes... E se o papel da humanidade nesta historia non fose o que ela mesma se atribúe? E se non foi tan inocente e pasivo como se pretende? Este é o punto de partida para que Miguelanxo Prado nos faga preguntarnos sobre o fráxil equilibrio entre o home e a natureza.





A tumba de Breogán (máis de 13)

Abel Alves e Esteban Tolj

Demo Editorial

No ano 1870 realízanse varias reformas na Torre de Hércules. Durante eses labores atópanse unhas vellas táboas de madeira escritas polo arquitecto do faro. Isto revelará un segredo ancestral relacionado co lendario líder castrexo Breogán e coa antiga cidade de Brigantia. O poeta Eduardo Pondal e o intrépido bandoleiro Antón Dedo d'Ouro coincidirán nesta perigosa aventura, enfrontándose a un sinistro grupo de carlistas e membros da igrexa que agochan algo en relación co descubrimento. Conseguirán Pondal e Antón desentrañar o misterio da tumba de Breogán?



Wolfram

Alberto Varela Ferreiro

Xerais

1939, a Guerra Civil española remata pero un conflito moito máis grande está a piques de estoupar en Europa e no mundo, no que as novas tácticas e as novas armas van facer do volframio un mineral esencial e escaso no planeta. W. C. Morgan é destinado á sucursal de The Anglo South American Bank Ltd. en Galicia. Pero baixo a identidade dun banqueiro agóchase un axente de intelixencia británico coa misión de controlar os movementos nazis na zona, contactar coa guerrilla e iniciar unha guerra comercial que dificulte todo o posible a subministración de volframio á Alemaña do Terceiro Reich. Na viaxe coñece a Molly Morrison, unha intrépida axente norteamericana coa que vivirá moitas aventuras...

Costuras
Guadi Galego

Co Nadal chega tamén o novo disco de Guadi Galego. O quinto traballo en solitario desta inqueda e premiada artista que comezou a súa andaina musical en Berrogüetto sendo aínda moi nova leva por título *Costuras* e agocha un agasallo para todos aqueles que o merquen: unha obra do artista Ricardo de Barreiro escóndese na portada para que o comprador a descubra e personalice rascando a superficie gris.

Esta nova proposta musical componse de dez temas nos que Guadi viaxa desde os mundos da infancia ata estes tempos presentes de dificultade e esperanza.



Liberar as arterias
Sés

Neste álbum Sés percorre América de norte a sur e como non podía ser doutro xeito faino aplicando o seu propio filtro. *Liberar as arterias* é o sétimo traballo discográfico dunha artista que segue evolucionando o seu particular son que a consagrou no máis alto: unha mestura que vai do rock ao blues pasando pola canción de autor latinoamericana e sen renunciar á alma de cantadeira que ferve no seu interior.



Pandeireta tradicional decorada
Sanín Percusión

Esta pandeireta tradicional de 7 pares de ferreñas decorada con flores é un dos esmerados instrumentos que nacen no obradoiro compostelán de percusión Sanín. Un agasallo que suma beleza e música e que foi concibido en base á excelencia do son, a estética coidada e a lixeireza.






Adeus e Grazas

Nao

Catorce anos despois de dar os seus primeiros pasos musicais, a banda galega de metal Nao despediuse do seu público co concerto *Adeus e grazas*. Agora ofrecen a posibilidade de revivir aquela velada na que estiveron arroupados por máis dunha vintena de artistas cun dobre deudedé que recolle tamén as tres partes do documental *Apocalypse Nao*.



A esmorga

Ignacio Vilar

Longametraxe inspirada na novela homónima de Eduardo Blanco Amor publicada en Bos Aires en 1959, unha das obras narrativas máis representativas da literatura galega e universal. Ignacio Vilar dirixe e firma, xunto con Carlos Asorey, o guión desta crónica tensa e intensa de vinte e catro horas na vida de tres homes, compañeiros de esmorga que camiñan cara á súa perdición. Miguel de Lira, Karra Elejalde e Antonio Durán Morris son os protagonistas deste filme que obtivo unha grande acollida nos cines.

os amigos dos músicos



segundo fogar


Segundo fogar

Os Amigos dos Músicos

As dúas beiras do Atlántico son os territorios polos que transita o segundo disco do grupo ourensán Os Amigos dos Músicos. Dez temas en total agrupados baixo o título de *Segundo fogar* e que xa teñen acadado numerosos recoñecementos, entre eles o premio ao mellor disco en galego na duodécima edición dos Premios da Música Independente.

Extra!
Paco Nogueiras

Quen dixo que non é posible cantar as noticiais? E bailalas? E debuxalas? Paco Nogueiras faino con este seu novo libro-disco, ilustrado por Marc Taeger, que no seu interior inclúe un minixornal e tamén un código QR para acceder aos videoclips das cancións. A actualidade convértese en melodía e canción neste xornal musical cheo de ritmo, de bo humor e de diversión.



Ferreñas e rock and roll
Laura Romero


Catálogo ilustrado a toda cor no que se outorga protagonismo a trinta e unha músicas ou formacións integralmente femininas que marcaron un antes e un despois tanto nos seus respectivos estilos como no conxunto da música galega. Laura Romero ao lapis e Iria Pedreira ás letras xuntan os seus talentos nunha obra única que foi distinguida cun dos premios do II Concurso de ideas Lúisa Villalta.



O que arde
Oliver Laxe

Ninguén agarda a Amador cando sae da cadea tras cumprir condena por provocar un incendio. Regresa á súa casa, unha aldea perdida das montañas lucenses, onde volverá convivir coa súa nai Benedicta, a súa cadelita Luna e as súas tres vacas. As súas vidas transcurren ao ritmo sosegado da natureza, ata que todo cambia cando un lume violento arrasa a zona. Este é o punto de partido deste premiado filme gravado en galego nas montañas dos Ancares.





As Catedrais Silenciadas

Xabier Díaz e Adufeiras de Salitre

As Catedrais Silenciadas é o terceiro traballo de Xabier Díaz coas Adufeiras de Salitre e completa a triloxía que comezou con Tambourine Man e seguiu con Noró. É un disco que fala da Galicia baleira e de todo o patrimonio material e inmaterial descoidado, que reivindica todo o bo que hai na Galicia rural e a necesidade de non perder unha parte importante do que fomos e somos. Está composto por dez temas onde hai alalás, pasodobres, muiñeiras, ribeiranas e agarrados.



Ramona Órbita. A dona do tempo.

Pakolas

Neste novo libro cóntase e cántase con ritmo moi roqueiro a historia de Ramona Órbita, unha muller labrega do Courel, posuidora dunha horta cibernética e unha perfeccionada máquina do tempo. Con ela marcharemos de viaxe pola Prehistoria, o Medioevo, o Renacemento, pola China Imperial, ou mesmo ao futuro, con moitas aventuras, personaxes e peripecias que gustarán por igual á xente miúda e a adultos.



Fábrica de Luz

A banda da Loba

Fábrica de luz, o segundo disco de A banda da Loba, é un traballo de creación, reflexión e homenaxe en torno á idea de nai entendida nun sentido amplo. A lingua e a terra son as primeiras nais, fábricas de luz. As creadoras que nos precederon e as que nos acompañan nesta viaxe son tamén fábricas de luz. As nosas nais, as vosas nais, todas as nais son fábricas de luz. Son fogar, tempo e amor incondicional. Son poder, loita e memoria. Son todo o que nos permite ser hoxe tamén fábrica de luz.



Moda e complementos

Pantalón Rodas Slim Fit Negro Xiro Atlantic Denim

Pantalón deseñado e feito de forma local en Galicia con algodón orgánico. Pensado para os amantes do *denim* que buscan unha prenda consistente e axustada, pero sen chegar a estar cinguida. Un pantalón que lle dá máis liberdade á perna adaptándose perfectamente á nosa fisionomía, polo que resulta un vaqueiro cómodo.



Pendientes Toxo Deica Creación

Pendientes ovalados grandes feitos a man con ilustración Toxo de 18x25 mm de diámetro. Con peche de gancho cerrado, son prácticos de poñer e de quitar e moi cómodos de levar polo seu lixeiro peso. Inspíranse no toxo, planta resistente e agresiva, que se adapta a todo e cuxas flores enchen Galicia de cor case todo o ano.



Máscaras variadas Nikis Galicia-Style

Deseño, humor e protección contra a covid nunhas máscaras hixiénicas reutilizables para toda a familia. O seu tecido certificado serve de barreira en ambos os sentidos para a redución do risco de contaxio. O seu nivel de filtrado líquido e sólido de aerosoles é igual ou maior ao 94 %. Mínimo de 30 lavados certificados.





Moda e complementos



Camiseta Mulleres Rurais Fillos do Mar

Camiseta confeccionada en algodón orgánico e deseñada por Miss Toxo para Fillos do Mar, empresa téxtil nacida á beira das Rías Baixas e que fai da cultura galega a súa fonte de inspiración. Esta prenda está dedicada ás mulleres rurais.



Saia infantil Cestoliñas Cestola na Cachola

Prenda en cor vermella para nenas de entre 2 e 7 anos. Confeccionada por Racataplán en algodón ecolóxico (95%) e elastán (5%) con debuxo estampado Cestoliñas de Xoana Almar e serigrafía artesá a unha cor feita en El Taller.



Saca Xeitoso Estudio Brétemas

Bolsa de tea confeccionada ao 100 % en lona de algodón orgánico. 400 gramos de peso, 38x41 centímetros de dimensións e estampado a dobre cara. Deseñada e serigrafada en Galicia.



Moda e complementos

Mochila Bos e Xenerosos **Xiralúa Estudo**

Mochilas deseñadas e feitas artesanalmente por Xiralúa. Moitas son pezas únicas ou edicións limitadas, mais todas presentan en común un estampado de deseño propio inspirado na cultura e no patrimonio galego. Peche con cremalleira na parte superior e peto exterior con estampados de galegos e galegas ilustres.



Bolso Minipandeireta **eFerro**

Os zocos non son os únicos agasallos que se poden atopar na tenda eFerro. Na súa sección de marroquinería hai pezas como este bolso minipandeireta inspirado nun dos principais instrumentos da música popular galega. Ten un diámetro de 26 centímetros e está dispoñible en natural, marrón e negro.



Diademas artesanais de animais **Jatafarta**

A serie Tímpanos conxuga o traballo artesanal co literario nas súas cinco pezas; cada diadema emula as orellas dun animal (gata, can, porco, burra e rato) e vai acompañada dun texto escrito por unha escritora ou escritor galego. Deste xeito, lógrase a simbiose entre o traballo plástico e o intelectual.





Moda e complementos



Auga de perfume Brétema **Sargadelos**

Agasallo dobre inspirado nas brétemas que aparecen e desaparecen en calquera momento e lugar de maneira inesperada, e que regalan misterio e esplendor á nosa terra desde tempos inmemoriais. Un perfume unisex que evoca as esenciais perennes das paisaxes galegas mesturadas co frescor da brisa mariña e envasado nun recipiente cerámico excepcional feito a man e pintado no característico azul cobalto de Sargadelos.



Bolso Biquiño **Media Lúa**

Producción manual e artesanal, deseños propios e orixinais e uso de coiros de primeira calidade para unha gama de artigos que inclúe bolsos como este. As súas dimensións son 15x31x5 centímetros, ten dous petos exteriores e está dispoñible en catro combinacións de cores.



Broche Fachada n°26 **Ferraxe de Prata**


A arquitectura tradicional das vilas e cidades galegas é a fonte de inspiración deste broche artesanal elaborado en prata de lei, latón e cobre.



Outros agasallos

Caderno de Campo 2021 **Irmás Cartoné**

Caderno de campo das mudanzas, mutacións e metamorfoses do ano 2021. Porque non sabemos o que nos traerá o ano que vén, pero sempre é ben contar con boa compañía literaria, este ano a Axenda Cartoné vén marítima e mutante, para encaixarmos mellor estes tempos que cambian.



Marcapáxinas personalizados **Imprime3D**

Marcapáxinas personalizado en formato litofanía. Personaliza un marcapáxinas coa túa foto favorita ou fai un agasallo máis que especial. Só precisas unha foto de boa calidade e o texto que lle queiras incorporar. Pode ir no lateral ou sobreescrito na propia peza na parte inferior.



Lote Caderno Cíes e Ruta a Pé **Editora Catroventos**

Obra que convida a descubrir a fauna e a flora do Parque Nacional das Illas Atlánticas desde a observación e o respecto pola natureza. A través de actividades como o sendeirismo, é posible facer un turismo sustentable cun baixo impacto ecolóxico e desfrutando da contorna. Este lote combina a lectura da obra de José Arcas coa posibilidade de escoller unha das rutas que programa Volta Montana.





Outros agasallos



Pack agasallo Rosalía

Animosa

Lote con produtos inspirados en Rosalía de Castro. Inclúe: axenda anual A5, almanaque de parede, almanaque de sobremesa, caderno A5, bolsa negra Animosa e tarxeta de felicitación. Ademais, pode incluír unha frase personalizada escrita a man na tarxeta.



Conxunto Agasallo Maruxío Atalanta (nº5)

Atalanta Madera

Conxunto agasallo que combina os produtos artesanais de Atalanta e Maruxío. O lote contén unha peneira de 26 centímetros de diámetro, un bote de galletas veganas con chocolate ou de xenxibre e chía, un crebanoces de madeira de freixo, unha mochila de algodón, un barquiño de papel no que se explica a colaboración e unha rede de pesca reutilizada.



Cunca “Lambón”

Aí Falaches

Cunca para os máis larpeiros, lapóns e lambereteiros, para gozar dun bo chocolate con churros e para aqueles que relamben ata a última pinga.



Xornada viticultura Celme para todas **Adegas Celme**

Proposta para desfrutar dunha xornada en familia con actividades para todos os públicos. Aprende os distintos procesos da viticultura ecolóxica, coñece as diferentes variedades e xoga para descubrir os aromas e sensacións asociadas aos viños e vermús de Adegas Celme.




Crema facial natural **Muuhlloa**

Crema rexeneradora 100 % natural feita con ingredientes activos procedentes na súa totalidade das terras e mares de Galicia, que lle achegan excelentes propiedades antioxidantes, rexenadoras, reparadoras e hidratantes á pel. Contén leite de vaca de Granxa Maruxa, oleato de milenrama e hidrato de milenrama de Milhulloa, extracto de sidra de Ribela, extracto de alga de Mar de Ardora, aceite esencial de Romeu, cera de Polemel e vitamina E.



Bono estancia A Cabana de Carmen **Do Artesanato**

Sorprende a túa parella, amigos ou familiares cunha experiencia única en plena natureza nas Cabana de Carmen, un establecemento situado no municipio de Outes a carón do río Donas e que ofrece un amplo programa de actividades complementarias. Bono para estadia de 2 persoas en réxime de aloxamento en Cabana Moura e Cabana Bela e de aloxamento e almorzo en Cabana Suite.





Bautismo de mergullo **Mergullo Viveiro**

O propósito dun bautismo de mergullo é descubrir dun xeito rápido e controlado o marabilloso mundo que nos espera baixo o mar. Un primeiro paso e un bo agasallo para facerlle a alguén que ten curiosidade por coñecer esta actividade. Consiste nunha pequena charla teórico-práctica e un mergullo a pé acompañado dun instructor no mar a unha profundidade máxima duns 12 metros.



Ruta en caiac **Naturmaz**

Só ou acompañado, goza dunha ruta en caiac polo encoro da Fervenza con vistas inmejorables e descubriendo recunchos aos que non podes acceder doutro xeito. Podes alugar por 3 horas ou solicitar un monitor acompañante. En ambos os casos, inclúe unha introdución teórica e práctica antes de saír á auga.



Delicias para o padal

Lote Nariga (licores e conservas)

Ar de Arte

Caixa regalo que consta de dúas botellas de licor (café e crema de augardente) e estoxo regalo Edición Fernando Rei con 3 conservas: mexillóns en escabeche 6/8 (pezas grandes), sardiñas en aceite de oliva e zamburiñas en salsa de vieira. Gastronomía feita arte.



Kit Antimorriña Embutidos Lalinense

Contra a distancia, sustancia! Lote composto por un cocido galego con chourizo, lacón, orella, garavanzos, grelos, patacas e touciño, ademais doutros tres chourizos categoría extra, dúas unidades de salchichón velita e outro lote con chourizo, lacón e touciño para preparar pratos de culler como lentellas, fabada ou caldos.



Pack cervexa artesá Cervexa Nós

Lote de 24 cervexas artesanais de Cervexería Nós a combinar entre unha selección de media ducia de variedades e denominacións: Víuva Negra, Illas Cíes, Sálvora, Xeración Nós...





Xoguetes e xogos

Aracatanga (maiores de 6 anos)

Brazolinda

Xogo para maiores de 6 anos que consiste en ir conseguindo unha serie de recursos polo taboleiro adiante para sobrevivir na selva e lograr escapar a tempo. Para iso, haberá que facer operacións cos dados e lograr os números que figuren enriba de cada recurso antes de que o volcán entre en erupción.



Zancos de Tronco (todas as idades)

Miudiño Cooperativa

Os zancos de tronco son un xoguete de desprazamento e equilibrio, realizado artesanalmente en madeira de castiñeiro tratada con aceites naturais e cordel de cáñamo. Estes zancos son aptos para pequenos e grandes, para todos aqueles que comecen a andaina do equilibrio e precisan unhas boas bases sobre as que camiñar.



O Gran Magosto.
Xogo de cartas do Apalpador.

(infantil)

Contos Estraños

O Apalpador e os seus amigos andan a organizar un gran magosto. Por iso precisan saír á fraga na procura de castañas. Quen conseguirá apañar máis? Neste xogo para toda a familia hai que valerse das increíbles habilidades dos personaxes favoritos para ser quen máis castañas apañe e acadar o título de Mestre Apañadora ou Mestre Apañador!





Xoguetes e xogos



O Xogo dos Cogomelos (maiores de 6 anos) **Myco Galicia**

Xogo que pretende dar a coñecer diferentes especies de fungos dos montes galegos. Aprender xogando é a mellor forma de lembrarse das cousas. Por iso, mediante xogos de cartas, os máis cativos poderán aprender algúns nomes populares e os nomes científicos destas especies e asociar a morfoloxía do cogomelo con eles.



Ti non es de aquí? Edición Xúnior (maiores de 8 anos) **Ozoco**

Os participantes deben demostrar os coñecementos que teñen sobre Galicia e sobre outros temas de cultura xeral contestando as cuestións que van xurdindo no xogo, divididas en 4 bloques: lingua; ciencias, xeografía e recursos; historia, patrimonio, tradicións e persoeiros; cultura xeral e actualidade. O xogo combina as preguntas con retos que van poñer a proba os participantes en habilidades como o debuxo ou a mímica.



Animais combinables (infantil) **Enxógate**

Xogo de catro animais de tres pezas intercambiáveis entre si, para que os máis pequenos da casa poidan crear os seus propios animais imaxinarios. Todas as pezas son de madeira natural pintadas a man con pinturas acrílicas non tóxicas.



Xoguetes e xogos

Táboa curva (máis de 18 meses)

Xoguete

Xogo libre de inspiración Pikler e Montessori que desenvolve habilidades. A táboa curva fomenta a imaxinación, estimula a coordinación, favorece o equilibrio e serve de elemento de adestramento para cativos e adultos.



Crebacabezas Rosalía (100 pezas) (máis de 5)

Punto e Coma

Unha fermosa ilustración que nos amosa a unha pequena Rosalía de Castro é a imaxe que terás que compoñer neste crebacabezas de 100 pezas. Ten unhas dimensións de 35x24 centímetros e preséntase nun estoxo circular.





Cadriño Barquiñas

Mimadriña

Creación da artista Palmira Castro Marcote que combina técnicas de papiroflexia, colaxe e costura. O marco, de Casal de Creación, está pintado a man. As dimensións da peza son 27x13 centímetros.



Figura de Buño

O Falsete

Figura decorativa de olería de Buño que representa unha persoa sentada lendo. Está dispoñible en varios tamaños e cores diferentes.



Faro Illas Cíes

Sargadelos

Peza en porcelana de 25 centímetros de altura que representa o faro das Illas Cíes, un emblemático edificio situado no punto máis alto do paradisíaco arquipélago que protexe a entrada á ría de Vigo.



Lámina Nós 2.0

Punto e Coma

Un bo xeito de celebrar o centenario da Xeración Nós. Lámina de 60x35 centímetros en papel reciclado de 250 gramos e presentada nun estoxo triangular.



Baleirapetos ovalado

Media Lúa

Bonito baleirapetos ovalado confeccionado de xeito artesanal en coiro. De cor natural e cunhas dimensións de 30x14 centímetros.



Fotografía en lenzo Laxe das Rodas Imaxes da Terra

Dentro dunha imaxe ben estudada e iluminada, conséguese reunir o petróglifo Laxe das Rodas, un dos máis representativos do megalitismo en Galicia, coas súas circunferencias talladas na pedra, xunto cun universo estrelado de fondo, cheo de cores que espertan sentimentos no interior. Fotografía dispoñible en catro tamaños e tres soportes diferentes.



Lámina Compostela Ultramarinos Deseño Galego

Desde a Catedral á Berenguela, pasando pola praza de abastos, a escultura de Valle-Inclán ou o parque de Bonaval. Lámina de 30x40 centímetros en papel estucado mate de 170 gramos que propón un percorrido polas iconas de Santiago de Compostela.





Gorra Finis Terrae

Afouta

Gorra en cor granate cunha imaxe dunha cuncha de vieira e a lenda Finis Terrae. Esa era a denominación latina do extremo occidental de Galicia, a actual Fisterra, que en tempos foi considerado o lugar onde remataba a terra e que hoxe forma parte das rutas de peregrinación a Compostela.



Crebacabezas Vía da Prata

Aira Editorial

Os principais monumentos do tramo da Vía da Prata que percorre as terras da Limia e O Arnoia están presentes nesta ilustración convertida en crebacabezas. Cincocentas pezas para achegarse ao Camiño de Santiago sen saír da casa.



Postais de Compostela

Ultramarinos Deseño Galego

Unha postal do plano do centro da cidade, outra dun poético día de chuvia, unha con iconas compostelás, outra inspirada nos Camiños de Santiago e unha quinta coa catedral compostelá como protagonista. Para felicitar, enviarlles aos teus, para agasallar ou mesmo para enmarcar.



Bono Iacobus Turismo de Galicia

Servizo turístico deseñado especificamente para o Camiño de Santiago que permite percorrer por etapas as distintas vías históricas que desde hai séculos conducen a Santiago de Compostela aloxándose cada día nunha casa de turismo rural diferente. Ofrece sete rutas distintas e o prezo inclúe o aloxamento, as ceas, os almozos e os traslados en coche desde os establecementos rurais ata o inicio e final de cada etapa.



A presenza do Apóstolo en Compostela Toxosoutos

Por primeira vez, tras un estudo preliminar, reúnense integramente, nunha mesma obra, os argumentos do abade francés Duchesne e do cóengo santiagués López Ferreiro sobre a presenza do apóstolo Santiago o Maior en Compostela. Obra de extraordinaria importancia para a historiografía galega agardada con degoiro desde hai 120 anos.



Colar Vieira Imprime3D






Colar feito en madeira, con moito estilo e en homenaxe á vieira, símbolo por excelencia dos peregrinos do Camiño de Santiago. A cuncha era a peza que levaban de regreso aos seus lugares de orixe como proba de que completaran a ruta cara a Compostela.






...para xogar coloreando.

Garda esta páxina do catálogo no teu teléfono ou tableta para poder coloreala! Tamén podes imprimila, colorear os distintos elementos e recortalos para empregalos como adornos de Nadal!





...para xogar disfrazándote.



Imprime e recorta esta careta para disfrazarte!



...para xogar disfrazándote.




Imprime e recorta esta careta para disfrazarte!



...para xogar adiviñando.

As pistas para resolver este encrucillado podes atopalas no propio catálogo: nomes de produtos, autores... Sorte!



4. Relativo ao mar e apelido do autor de *Unha mente que voa*

11. Relativo ou pertencente ao apóstolo Santiago e ao seu culto

12. Planta típica dos montes galegos que loce unhas coloridas flores

13. Mamífero salvaxe da familia dos cánidos que encabeza unha coñecida banda

15. Personaxe tradicional do Nadal nas montañas do interior de Galicia

17. Conxunto de puntadas e título do novo disco de Guadi Galego

19. Saboroso embutido empregado como ingrediente nun dos principais pratos da cociña galega

20. Apelido dun famoso escritor andaluz que dedicou algúns dos seus versos a Compostela

1. Substancia salgada producida polo contacto coa auga do mar

2. Un dos principais símbolos dos peregrinos do Camiño de Santiago

3. Título da revista que lle deu nome a unha destacada xeración de intelectuais galegos

5. Vila famosa pola súa olería tradicional

6. Diversión buliciosa e esaxerada, e título da obra máis famosa de Eduardo Blanco Amor

7. Condensación de vapor de auga do aire en contacto co chan

8. Instrumento fundamental da música popular galega

9. Nome de pía da gran poetisa galega

10. Título dun libro de Alberto Varela Ferreiro que fai referencia a un elemento químico moi prezado na Segunda Guerra Mundial

14. Mítico guerreiro celta fundador da cidade de Brigantia

16. Montañas onde se desenvolve unha premiada película de Oliver Laxe

18. Artista galega coñecida pola súa mestura de estilos e as súas letras reivindicativas

19. Paradisiaco arquipélago situado na entrada da ría de Vigo

**Regala Galicia,
regala en galego.**



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia